

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL BETANZOS

Bases III Concurso de cartas aos Reis Magos

ANUNCIO

“Bases III Concurso de cartas aos Reis Magos”

A Xunta de Goberno Local do Concello de Betanzos, en sesión ordinaria de data 08/11/2018, aprobou as bases e a convocatoria do III Concurso de cartas aos Reis Magos. O prazo de presentación das cartas é do 1 ao 22 de decembro de 2018.

Aprobación de bases e convocatoria do III Concurso de cartas aos Reis Magos

Bases III Concurso de cartas aos Reis Magos

O Concello de Betanzos convoca o III Concurso de cartas aos Reis Magos para dinamizar o uso da lingua galega entre os nenos e as nenas dos centros de ensino de primaria de Betanzos.

Bases

1. Poderá participar neste concurso todo o alumnado que estea a cursar Educación Infantil ou Primaria nos centros de ensino de Betanzos.

2. As cartas deberán escribirse de xeito individual. Cada neno/a só poderá participar cunha carta. Para participar no concurso as cartas deben estar escritas en lingua galega. Os temas deberán ter relación coa lingua, o Nadal, a solidariedade e a sensibilidade cos problemas sociais. Na categoría de Educación Infantil poderán participar tamén debuxos.

3. Establécense catro categorías e un primeiro premio e un accésit en cada unha delas: Educación Infantil, Educación Primaria (1.º e 2.º), Educación Primaria (3.º e 4.º) e Educación Primaria (5.º e 6.º). Todos os premios serán un lote de material escolar por valor de cincuenta euros.

4. Os criterios para a concesión dos premios serán a calidade e a orixinalidade das cartas, tanto no texto como nas ilustracións, así como a adecuación aos temas do concurso.

5. As cartas poderán depositarse entre o 1 e o 22 de decembro nas caixas de Correo Real que haberá nos seguintes puntos: CEIP Francisco Vales Villamarín, CPR Nosa Señora do Carme-Atocha, Biblioteca Municipal Castelao e edificio Liceo. Nas cartas deberán aparecer de xeito claro os datos de contacto do/a participante (nome e apelidos, curso, centro educativo, enderezo postal e teléfono de contacto). Os Reis Magos contestarán por carta a todos/as os/as participantes que escriban ben os seus datos.

6. O xurado estará composto polos seguintes membros: presidente/a, secretario/a e vogais. O presidente será o alcalde ou concelleiro/a en quen delegue, o/a secretario/a será un/ha traballador/a do Concello de Betanzos e os/as vogais serán os/as representantes de cada un dos centros de ensino participantes no concurso.

7. O prazo de resolución do xurado será de sete días hábiles a partir da data límite de entrega dos traballos. As cartas gañadoras publicaranse na páxina web do Concello de Betanzos (www.betanzos.net) e quedarán en posesión do Concello. Os Reis Magos entregaranlles en persoa os premios aos gañadores e gañadoras.

8. O xurado resérvase o dereito de declarar deserto algún dos premios convocados e está facultado para tomar a decisión que considerar oportuna ante a aparición dalgún imprevisto non recollido expresamente nestas bases. Logo da resolución do xurado, comunicaráselles ás persoas premiadas a hora e lugar da entrega dos premios.

9. A convocatoria do III Concurso de cartas aos Reis Magos e as súas bases publicaranse na páxina web do Concello de Betanzos (www.betanzos.net), na sede electrónica (<https://sede.betanzos.es>), no taboleiro de anuncios das Oficinas Xerais do edificio Liceo, no Boletín Oficial da Provincia e na Bases de Datos Nacional de Subvencións.

Betanzos, 08 de novembro de 2018

A alcaldesa, María Barral Varela